

Relatoría da xornada “A CUESTIÓN PALESTINA: UNHA MIRADA DENDE O DEREITO INTERNACIONAL”

O venres 22 de novembro celebrouse na Facultade de Dereito, no Salón de Graos, a charla titulada *"A cuestión palestina: unha mirada dende o Dereito Internacional"*. Este evento reuniu a destacados expertos en Dereito Internacional e Relacións Internacionais para abordar, dende distintas perspectivas, as complexidades do conflito palestino e as súas implicacións legais e humanitarias. Entre estes expertos figuraban **Jesús Núñez Villaverde**, codirector do Instituto de Estudos de Conflitos e Axuda Humanitaria. **Julio Jorge Urbina**, profesor titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da USC. **Ana Salinas de Frías**, catedrática de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Universidade de Málaga.

Organizado coa colaboración da Fundación Araganey - Ponte de Culturas, o acto contou coa participación de figuras clave como o director da fundación, David Rodríguez Seoane, e o coordinador do máster en *“Estudios Internacionales”* da Universidade de Santiago de Compostela, Miguel Arenas Meza, quen deu comezo ás intervencións.

Durante a xornada, exploráronse temas como o impacto do conflito en Gaza baixo o prisma do Dereito Internacional Humanitario, as accións de Hamás e a resposta israelí, así como os límites e retos que estas situacións impoñen ao Dereito Internacional contemporáneo. Este informe recolle os puntos principais e reflexións abordados nas diferentes ponencias e o posterior coloquio.

A primeira das charlas, titulada *“Panorámica xeopolítica de Palestina, entre convulsións violentas e a esperanza da paz”* foi impartida polo codirector do Instituto de Estudos de sobre Conflictos e Axuda Humanitaria, **Jesús Núñez Villaverde**.

1. Actores internacionais e o seu papel no conflito

Estados Unidos preséntase como mediador no conflito, mais o seu apoio incondicional a Israel é amplamente criticado. Este respaldo convérteo en cómplice do xenocidio do pobo palestino e limita calquera esforzo no Consello de Seguridade da Organización de Nacións Unidas para sancionar ou condenar as accións de Israel. As políticas americanas están

orientadas a preservar os seus intereses económicos en Oriente Medio e a defender o seu principal aliado na rexión.

Por outro lado, a institución da Unión Europea é criticada por non ser capaz de establecer unha posición común respecto ao conflito debido ás diferenzas entre os seus 27 Estados membros, evidenciando a falta de unidade.

Isto debilita a súa influencia no escenario internacional, onde as súas accións se limitan a declaracións sen ningún impacto real, sendo isto o principal reproche do economista cara a UE.

A maiores, os gobernos árabes, aínda que historicamente se denominan como defensores de Palestina, limítanse a declaracións simbólicas sen accións concretas ao igual que o resto de organizacións internacionais.

Un feito clave para a análise desta situación e para beneficiar a normalización das relacións con Israel, foron os Acordos de Abraham, impulsados por Donald Trump, que representan unha mudanza significativa na postura de certos países árabes con excepcións como Cisjordania, que retirou o seu embaixador en Israel mostrando unha resistencia á complacencia xeral.

2. Situación en Israel

Un dos elementos máis destacados da situación política de Israel sería a ausencia dunha influencia significativa da Corte Penal Internacional (CPI) xa que, aínda que existen mecanismos de xustiza internacional, Israel non se ve limitado polo dereito internacional debido á falta de sancións efectivas de tipo económico, político ou diplomático.

Outro dos temas máis debatidos neste ámbito sería a cuestión da aplicación do dereito á lexítima defensa, aínda que é cuestionado no caso de Israel, xa que, como potencia ocupante, ten responsabilidades cara á poboación palestina que non só non cumpre, senón que agrava coa súa política expansionista e racionalista.

Isto débese a que o actual goberno israelí é o máis extremista da súa historia; liderado por Benjamin Netanyahu, quen aposta por políticas baseadas en dogmas relixiosos e reformas

que buscan debilitar o sistema xudicial, consolidando o seu poder e evitando a acción da xustiza contra el.

3. Situación en Palestina e Hamas

A nivel gubernamental, Hamás enfróntase ao desafío de recuperar a confianza da súa poboación, pero o seu balance é percibido a nivel internacional como negativo. Mentres tanto, o poder executivo palestino carece de apoio internacional efectivo e dunha estratexia clara, o que empeora a situación de calidade de vida nos terriotios de Gaza e Cisjordania, onde as mortes certificadas polos hospitais palestinos ascenden a decenas de miles, nun contexto de ocupación militar e precariedade extrema para unha poboación de aproximadamente 2,3 millóns de habitantes.

As accións de Hamás, aínda que condenables, teñen dous obxectivos xerais: poñer o conflito na axenda internacional e debilitar ao goberno de Israel. Non obstante, a reacción global a estes ataques limítase a palabras e á esixencia de contención, normalmente dirixida a unha soa das partes. Polo tanto, na opinión pública e mediática existe unha discusión aberta sobre se Hamás pode ser clasificado como un grupo terrorista, dado que o concepto non está claramente definido no dereito internacional, aínda que Hamás tamén actúa como organización social, proporcionando servizos á poboación necesitada.

Outro debate aberto que foi exposto é a terminoloxía do antisemitismo, termo usado polo goberno israelí como forma de propaganda. O concepto de antisemitismo adoita empregarse de maneira inexacta, xa que tamén inclúe aos palestinos, un pobo semita, polo que cómpre empregar os termos con precisión para evitar confusións, según afirma o ponente.

4. Expansión do conflito

Israel actualmente adícase a ampliar as súas operacións máis alá de Gaza e Cisjordania, chegando ata o Líbano, onde o grupo Hezbolá ameaza con retaliacións aínda que as forzas armadas libanesas carecen de recursos para intervir. Mentres tanto, Israel non respecta ningunha liña vermella debido á falta de sancións ou consecuencias por parte da comunidade internacional. Concluindo; non existen propostas concretas para unha paz duradeira e, coa chegada de Donald Trump ó poder o vindeiro xaneiro, intensificarase o perigo dunha escalada, con Palestina relegada a un segundo plano como un "estorbo" para os obxectivos israelí.

A segunda das charlas foi impartida polo profesor titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da USC, **Julio Jorge Urbina**, baixo o título “O conflicto en Gaza ante o Dereito Internacional Humanitario”.

1. Ataque de Hamás e resposta militar de Israel

A aplicación do Dereito Internacional Humanitario deriva do drama humanitario que está a xerar a campaña militar israelí desenvolvida a partir do 7 de outubro, pero estas violacións no contexto de Gaza remóntanse ao comezo da ocupación do seu territorio.

O 7 de outubro comeza cun ataque terrorista por parte de Hamás e unha resposta militar israelí, o que caracteriza tanto a acción como a reacción son os crimes de Dereito Humanitario. Acabando coas ordes de detención por crimes de guerra e crimes contra a humanidade.

Os milicianos de Hamás e outros grupos palestino atacan Israel levando a cabo matanzads de civís israelís, ataques a zonas civís con destrución e incendios de vivendas, actos de violencia sexual, toma de reféns, tanto civís como militares israelís e producíndose millóns de mortes de israelís fóra de combate.

A resposta militar de Israel foi a chamada ***Operación Espadas de Hierro***. Esta operación militar significou para Gaza unha tormenta de sangue e lume, causando unha devastación sen precedentes. Algúns dos datos reportados pola ONU en informes din que xa para febreiro de 2024 empregáronse por parte de Israel 25 mil toneladas de pólvora sobre territorio palestino, o que demostra a **intención de destruír a Hamás desde o punto de vista militar e político**. A liberación dos reféns mantense nun segundo plano e levaron a cabo unha campaña de bobardeos aéreos, operacións terrestres, disparo de artillería, etc., que busca a **destrución de infraestruturas civís**, atacando para eles a zonas residenciais, edificios escolares, hospitalarios... Non hai zona en Gaza libre de ataques.

Outro dato novidoso que terá un forte impacto é o **uso de Intelixencia Artificial en identificación de obxectivos para atacar**, que permitiu identificar a 36 mil obxectivos, o que explica a gran intensidade de mortes desde a primeira semana. Outro elemento destacado

é o **asedio total da Franxa de Gaza**, o peche total e definitivo das fronteiras marítimas, terrestres e aéreas. Con iso prohibiuse o acceso de calquera tipo de axuda humanitaria, está a empregarse a fame como método de combate.

2. Coste humanitario do ataque do 7 de outubro

No relato de vítimas, as cifras públicas sempre serán menores ás reais. Os datos ofrecidos non buscan unha comparación entre Israel e Gaza, xa que desde o punto de vista do Dereito Humanitario calquera morte é igual, pero apréciase unha **desproporción no resultado do conflito**.

- **Israel:** 1200 mortos, 14.970 feridos, 252 secuestrados y 115 mil evacuados.
- **Gaza:** 43.391 mortos, 102.347 feridos, 1.9 millóns de desprazados, 70% de edificios destruídos, 96% en risco de hambruna.

No caso de Gaza as consecuencias sufriranse durante anos, porque sufrirán mortes derivadas de enfermidades que xa estaban erradicadas pero que volveron a aparecer durante o conflito a consecuencia da destrución de infraestruturas, a falta de saneamento, os hospitais, a auga potable etc.

3. Franxa de Gaza:

- **Extensión:** 365 km², dos cuales non todos poden ser utilizados pola poboación palestina porque os israelitas o empregaban como zona de separación.
- **Poboación:** 2,3 millóns.
- **Situación económica:** restrinxíronse as importacións e exportacións así como o movemento de persoas. Actualmente dependen dos suministros de Israel (alimentos, electricidade, auga potable, combustible...) e da axuda humanitaria.
- **Operacións militares anteriores:** 2008-2009, 2012, 2014, 2021, 2022 e maio de 2023. Todas estas operacións conlevaron a destrución de infraestruturas e da economía. Podemos ver que a Franxa non era un territorio tranquilo, xa convivía con destrucións anteriores de outras campañas.

4. Respuesta judicial ante los crímenes cometidos

Corte Internacional de Justicia (CIJ):

Sudáfrica presentou unha demanda ante a Corte por crime de xenocidio e a Corte levou a cabo as medidas provisionais, constatan a **baixa situación humanitaria da Franxa de Gaza**: baixas civís masivas, destrución de infraestruturas e desprazamento da maioría da poboación; falta acceso a subministracións básicas (auga, medicamentos, alimentos etc.), poboación nun gran estado de vulnerabilidade.

A Corte está a valorar a **responsabilidade directa de Israel** como Estado, non tanto de políticos ou militares.

Corte Penal Internacional (CPI):

Aa Corte Penal investiga os crimes cometidos en Palestina considerando que este é un Estado parte do **Estatuto de Roma**, polo que valora a súa competencia sobre dúas categorías de crimes, o **crime contra a humanidade e o crime de guerra**. En maio de 2024 o **Fiscal emitiu unha acta de acusación** contra dirixentes de Hamás (hoxe en día xa non están vivos) e contra o Primeiro Ministro de Israel e el Ministro de Defensa israelí. En novembro de 2024 **confírmanse os crimes** dos que se lles acusaban e emítense aa correspondente **orde de arresto** para o dirixente de Hamás e o Primeiro Ministro de Israel e o Ministro de Defensa.

O **crime contra a humanidade** supón o exterminio, asasinato, toma de reféns, violencia sexual ou torturas xunto a outros tratos cruéis e inhumanos. Por outra parte, o de **guerra** inclúee causar fame, ataques á poboación civil, homicidios etc.

5. ¿É útil o Dereito Internacional Humanitario ante a traxedia en Gaza?

El Dereito Humanitario componse de normas que evitan ou minimizan unha situación tna grave como a de Gaza ou outros conflitos armados. Gaza encóntrase nunha **situación humanitaria catastrófica**, dito pola CPI, danse violacións graves de dereito humanitario que non son consecuencias accidentais do conflito armado, senon que forman parte dunha estratexia deliberada. Esta situación leva a cuestionar o Dereito Humanitario, pois o país que quere vulnerar estas normas parece que o pode facer. “Por qué me habláis de leyes, no veis que ceñimos espada”, é válido ou necesario el Dereito Humanitario?

A Presidenta do Comité Internacional da Cruz Roja establece que **non é o Dereito o que falla, senón a vontade de facelo cumprir**, o problema non é a norma, simplemente que hai situacións en que as partes non as queren cumprir. Neste sentido, ao falar de Dereito Internacional Humanitario falamos dun **conxunto de normas que buscan protexer ás vítimas de conflitos armados**, límites ás operacións militares, aos sufrimentos e restricións. Non se impide a violencia inherente a todo conflito armado, senón que se introducen limitacións donde prevalece o interese das vítimas. O Dereito Internacional Humanitario **non lexitima operacións militares**.

Israel trata de explicar por que matar persoas é algo que permite o Dereito Humanitario, pero isto non é verdade. Unha cousa son as consecuencias inevitables da guerra e outra a xustificación da guerra. Estes argumentarios levaron a que a relatora da ONU fale de **camuflaxe humanitario**, argumentos que lexitiman as operacións militares de Israel ou as mortes civís ocasionadas polas operacións militares. Máis alá da función do Dereito Internacional Humanitario de protexer ás vítimas ou limitar os efectos do conflito, cumpre unha función menos evidente, constitúe un **instrumento para superar as divisións e facilitar o camiño cara a paz**, busca establecer un cauce entre as partes para que interactúen, limitando a espiral de odio que xeran estas situacións de enfrontamento. Hamás, despois deste enfrontamento non terá problemas de reclutamento, dada a campaña de odio cara Israel tras o conflito, sendo isto o interludio para futuras accións. O Dereito Humanitario busca romper estas espirales de odio.

6. Aplicación do Dereito Internacional Humanitario

Para aplicar o Dereito Humanitario en Gaza hay que ter consideracións. Non se trata dunha situación aislada, senón o exemplo máis palpable das consecuencias humanitarias dos conflitos humanitarios actuais. As partes belixerantes desenténdense das súas obrigacións xurídicas e se valen de interpretacións moi permisivas do Dereito Humanitario para xustificar as infraccións das normas, os actos de destrución e a obstaculización á axuda humanitaria.

Esta situación, porén, ten un rasgo diferencial, o **grao da hostilidade**, o grao das operacións militares nun lugar tan pequeno e o desinterese pola situación que atravesada a poboación civil, non se ve preocupación por reducir o sufrimento desta. Se comparamos as dimensións do

conflito en Ucraia coas de Gaza, podemos ver a maior intensidade que se está sufrindo en Gaza, en Ucraia as operacións militares sobre a poboación civil ten un grao de destrución moito menor.

A traxedia humanitaria en Gaza non se iniciou o 7 de outubro. Gaza é un territorio ocupado por Israel, a pesar de que se retiraron, a realidade é que Gaza sigue ocupada. Así, Israel tiña **obligacións sobre o territorio de Gaza**, a primeira era administrar o territorio en beneficio da poboación local, claramente incumplida.

Hai unha opinión consultiva da CIJ do 19 de xullo de 2024 donde se analizan as prácticas e políticas israelís sobre Gaza y Cixordania, onde se establece a ilegalidade da ocupación sobre territorios palestinos. A estratexia de Israel basease en conseguir que a ocupación de territorio sexa algo irreversible aínda que sexa ilegal.

Ninguén se pode amparar en ningunha cuasa lexítima para violar o Dereito Internacional Humanitario, nin o exercicio de la lexítima defensa ni a loita contra o terrorismo. Nada xustifica as violacións de Dereito Internacional Humanitario, esto hai que telo moi presente.

7. Desenvolvemento das hostilidades e protección dos civís

Dende o punto de vista do Dereito Internacional Humanitario un dos métodos para minimizar os efectos das operacións militares son os principios de **distinción**, **proporcionalidade** e **protección**.

- **Distinción:** distinguir entre combatintes e civís. As operacións militares diríxense contra combatintes, obxectivos militares. Prohíbese atacar á poboación civil e bens de carácter civil, causar terror civil, obriga de minimizar os efectos das hostilidades sobre os civís e prohibición dos ataques indiscriminados.
- **Proporcionalidade:** os ataques desproporcionados están prohibidos, nos que as baixas civís son excesivas. Existe unha tendencia a minusvalorar as consecuencias do ataque para os civís.
- **Protección:** escoller as estratexias que causen menos danos civís, identificando o carácter militar do obxectivo sen situalos en torno a civís. Evitar medios de combate que teñan efectos indiscriminados.

8. Conducción da hostilidade en Gaza

En Gaza non se cumpre ningunha das obrigacións anteriormente mencionadas. Considérase que o obxectivo da operación é eliminar a Hamás, pero este non é só un grupo armado, é un elemento máis importante, non se está a distinguir entre militares e civís e non todo membro de Hamás é un obxectivo militar. O parámetro para determinar se unha **persoa é obxectivo militar** non é si pertence a un determinado grupo, senón **si está participando nos ataques**, esta distinción non se está a facer neste conflito.

A isto contribuiu a **Intelixencia Artificial**, que vai actuar en función de cómo se lle teña ensinado, se los parámetros introducidos ao algoritmo non teñen en conta o Dereito Internacional Humanitario, os resultados obtidos non terán en conta o seu respecto. As 3 IAs utilizadas por Israel para a identificación de obxectivos son: Habsara (edificios que albergan milicias), Lavander (identificación de membros de grupos armados), Where's Daddy (seguimento de obxectivos unha vez localizados).

Prodúcense ataques contra instalacións sanitarias, educativas, relixiosas, bens civís protexidos polo Dereito Internacional Humanitario. Israel destruiu sistemáticamente este tipo de edificios, baixo a pretensión de que sempre estaban sendo usados por Hamás.

9. Falta de limitación en los efectos de los ataques sobre los civiles

Non hai límite dos efectos das hostilidades sobre civís, existindo unha **gran tolerancia aos efectos colaterais**, acéptase que por cada membro militar de Hamás se mate a 15 civís e se é un alto cargo hasta 300 civís.

Calquera identificación dun obxectivo xustifica a morte de civís ou a destrución de infraestruturas. Lévanse a cabo **bombardeos masivos** de zonas residenciais e atácanse campos de refuxiados, o que conleva un aumento sen precedentes de vítimas civís, sobre todo mulleres e nenos. Tamén se **destrúen infraestruturas civís**, con efectos directos como as mortes e os danos en bens civís; pero tamén efectos indirectos como a interrupción de servizos básicos, a destrución de zonas de cultivo, a obstaculización da axuda humanitaria, etc. Os

únicos momentos nos que a axuda humanitaria foi permitida escondían detrás un interese político e incluso a Corte Internacional pediu a Israel por medio dunha Resolución o libre acceso da axuda a Gaza.

Todo isto constitúe un **crime de guerra**, la principal acusación dirixida a Netanyahu a ao seu Ministro de Defensa, Yoav Gallant, quen anunciou “un **asedio total**... sin electricidad, sin agua, sin alimentos, sin combustible, Luchamos contra animales humanos y actuamos en consecuencia”. É evidente a deshumanización do adversario, non considerar ao adversario humano supón a ruptura de cualquera posibilidade de cooperación.

A última das intervencións, titulada “*A guerra en Gaza, ¿pode a loita contra Hamás xustificar un xenocidio?*” foi impartida pola catedrática de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Universidade de Málaga, **Ana Salinas de Frías**.

Atopámonos ante un conflito que se foi expandindo progresivamente, afectando tamén a Iemen e ao Líbano, este último controlado e ocupado parcialmente por Israel.

Segundo Ana Salinas, Israel non está actuando baixo os principios lexítimos de defensa, senón que está a levar a cabo unha loita que se xustifica unicamente en termos de combate contra o terrorismo. Isto amosa un dobre discurso por parte de Israel. Por exemplo, na demanda presentada por Sudáfrica contra Israel, o argumento da lexítima defensa foi exposto perante o Tribunal Internacional de Xustiza, pero ao mesmo tempo, as accións de Israel no conflito perderon toda orientación racional e estratéxica, centrando os seus esforzos exclusivamente en combater a Hamás e Hezbolá.

O que se observa é unha obsesión que desviou a visión xeral do conflito, cegando a Israel no seu propósito de erradicar aos palestinos do seu propio territorio.

Diversas autoridades teñen sinalado que as accións unilaterais de Israel reflicten un intento sistemático de eliminar aos palestinos do seu territorio. Aínda que as mortes poden atribuírse ao conflito armado, Ana sostén que o tipo de guerra que Israel está a realizar presenta características que nos trasladan a épocas medievais, empregando asedios e fame como ferramentas. Isto apunta a unha limpeza étnica que foi denunciada por países como Sudáfrica,

cuxo goberno interpuxo unha demanda valente e ben fundamentada contra Israel. Segundo o Convenio para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio, estas accións xenocidas son sancionables, e Sudáfrica presentou unha demanda minuciosa, cunha análise exhaustiva dos datos e unha sólida base documental.

O pasado luns morreron 500 persoas nun só día no Líbano, pero parece que a poboación internacional se afixo a estas cifras. Ademais, desprazáronse forzosamente 1,9 millóns de persoas, o que constitúe unha violación do Dereito Internacional. Ana explica como o exército israelí obrigou os civís a concentrarse en puntos específicos para logo bombardealos e detelos, o que supón unha clara transgresión das normas internacionais.

Outro elemento clave é o réxime de Netanyahu, que, segundo Ana, está cheo de corrupción. Se se compara a situación de Ucraína coa de Gaza, obsérvase que, aínda que ambas son resultado de ataques terroristas condenables, as prácticas de Israel inclúen violacións flagrantes de normas do Dereito Internacional que son insostibles. Mentres tanto, os Estados Unidos e outros actores internacionais seguen negándose a recoñecer o concepto de "terrorismo de Estado".

Dende a resposta de Israel tras os ataques de Hamás o 7 de outubro, a escalada foi extrema, con tensións e actos cada vez máis salvaxes. Dúas narrativas desenvólvense de xeito simultáneo: os Estados que consideran que as accións de Israel son contrarias ao Dereito Internacional, e os que intentan xustificar estas accións como necesarias para combater o terrorismo.

España, por exemplo, recoñeceu a Palestina e emitiu declaracións que subliñan graves violacións por parte de Israel, solicitando medidas provisionais que foron ignoradas sistematicamente polo Estado israelí.

A demanda presentada por Sudáfrica establece con claridade unha serie de comportamentos por parte de Israel que deberán ser examinados. Este caso súmase ao recoñecemento de Palestina por parte doutros Estados que tamén apoiaron a demanda. Porén, Israel intensificou a súa hostilidade, chegando a atacar verbalmente ao secretario xeral da ONU e declarándoo persona non grata, ademais de pechar as oficinas da UNRWA.

Neste escenario, algúns mencionaron estratexias xudiciais concentradas, como as aplicadas en conflitos previos entre Ucraína e Rusia. Pero, no caso de Israel, as tácticas inclúen asasinatos, explosivos, toma de reféns e outras prácticas detalladas na demanda de Sudáfrica, que son reiterativas ao longo de 75 anos de ocupación.

Israel é un Estado observador no Consello de Europa e asistiu a diversas reunións, solicitando que se lle apliquen normas de cooperación penal, extradición, asistencia mutua e prevención do terrorismo.

Ana conta como, ao entrar en Xerusalén, presenciou a dous mozos palestinos sendo golpeados por policía, que tamén lles romperon os móbiles antes de libéralos sen dar explicacións. Este tipo de accións, segundo Ana, radicalizan á poboación. Tamén narra unha entrevista cunha muller palestina que perdeu aos seus oito fillos no conflito. Esta muller expresou que, se puidese, tería outros oito fillos para a causa, reflexando como estas experiencias intensifican as tensións.

Israel inclúe propostas extremas, como a creación dunha illa artificial para confinar á poboación palestina baixo control absoluto, unha idea descrita por Ana como unha "gran gaiola humana".

Segundo Sudáfrica, o trato que Israel dá aos civís palestinos é intolerable e inadmisibile, cumprindo cos elementos constitutivos do crime de xenocidio, especialmente ao privar a esta poboación da súa historia e dos seus dereitos culturais.

Finalmente, Ana sinala que houbo unha reacción importante por parte dos civís, como a recollida de firmas de xuristas, profesores, fiscais e maxistrados para presionar ao goberno español a actuar de xeito máis contundente. Tamén subliña a importancia de que os países da Unión Europea, como España, dean un paso adiante na defensa de Palestina.